



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2025

INMA OTERO VARELA

**ROTEIRO LUÍSA VILLALTA
OS SOTOS BAIXO AS PELES DE CEMENTO**



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal



Roteiro: Luísa Villalta, “Os sotos baixo as peles de cemento”

Inma Otero Varela

Antes de sentar a redactar este texto, repaso as anotacións que fixera para o roteiro que tivo lugar o 25 de maio de 2024 e penso sobre o que debín matinar cando as escribía. Velaí vai este cruce de ideas nalgún punto do tempo, sempre en diálogo coa luz inspiradora e atemporal de Luísa Villalta. Mais toda confluencia, igual que a obra da nosa autora, fala da importancia dos lugares. O espazo pode ser a inscrición principal que articule un universo literario. De feito non podemos desligar a obra dalgunhas autorías dos emprazamentos sobre os que se erixiu. Acaso un libro non é un lugar que permite que o literario exista?

Luísa Villalta tamén se agarrou á toponimia como ancoraxe sobre a que asentar os significados que se abrirían ao mundo, porque non hai nada mellor que pousar os pés en sitio firme para comprender que, en calquera lugar, toda persoa pisa terra para erguerse logo en comunidade. Así sucede coa relación da autora coa Coruña. Toda a súa produción, incluídos os artigos xornalísticos, recolle o local para espallarse en universalidade; para reflectir o que é ser coruñesa, galega e occidental na xeira do capitalismo serodio de fins do século XX e comezos do XXI. A analoxía co próximo sempre foi un dos piares que mellor sostiveron a argumentación. Así as cousas, a autora deita a ollada sobre a cidade para amosar a conexión entre a contorna máis achegada e o devir mundial, porque as inscricións das fendas económicas e políticas non coñecen fronteiras.

De todas as Coruñas, Luísa Villalta, de maneira coherente ao seu pensamento e proxección pública, sempre mirou con máis atención os anexos, como dá boa conta o último poemario, *Papagaio*, que recolle a inxustiza que esconde o barrio co mesmo nome, gueto onde recluír a prostitución e outros tráfico que só se queren desalojar se se poden substituír por un luxo que non soluciona os problemas do desarraigo. Malia e importancia de *Papagaio*, neste roteiro seguirase o ronsel trazado por outras dúas obras: o poemario *En concreto* (Espiral Maior, 2004) e a novela *Teoría de xogos* (Laiovento, 1997), xa que o último libro de poemas foi motivo dun outro itinerario villaltino.

Coas obras ás que nos remitiremos pódese trazar un mapa social e mítico da Coruña oculta, a que sempre se esforzan por situar do lado que perde, malia a ser a trabe principal que terma da cidade. Luísa Villalta reivindica a importancia das marxes, tamén das urbanas, na encrucillada que abeira o novo milenio desde a que convén ollar a localización dos nosos espazos. A Coruña de Luísa Villalta está feita de formigón, leiras, ríos soterrados e vento, vixiada polo ollo do faro que é, a fin de contas, o ollo da historia. Unha cidade que, como todo espazo social, ademais de moverse ao ancho do plano, expándese polo eixo vertical que, sempre, mira por riba do ombreiro todos os abaixos.

Primeira parada: Millenium (Paseo marítimo). A autora no tempo de seu.

Luísa Villalta era unha autora moi apegada á súa época malia a querenza polas alegorías que tomaban as referencias no pasado como demostra, entre outras obras, *As chaves do tempo* (A Nosa Terra, 2001). Mais sempre o sentido último estaba vencellado á reflexión sobre o período de finais do século XX e principios do XXI, é dicir, as soleiras do novo milenio. Era moi consciente do que estaba a ocorrer, do momento crucial no que se atopaba a Galiza a cabalo destes dous séculos que, nun contexto de globalización, termo profusamente empregado nese período, podía ser especialmente relevante para as identidades minorizadas. A autora, como a grande intelectual e polígrafa que era, manexaba á perfección a terminoloxía e coñecía de primeira man as achegas teóricas sobre este ciclo, como amosa nos artigos, no exercicio do activismo social e político, así como no traballo cultural que desenvolve desde o punto de vista da crítica posmoderna e posmarxista. Sirva como exemplo o feito de que formara parte do Foro da Cultura Galega, dentro do que coordinou a área de “Revisión histórica e análise crítica da cultura” entre 1999 e 2001.

Este perfil ideolóxico gravará algunhas propiedades da obra. Desde o punto de vista do activismo cívico, sempre estivo próxima á esquerda nacionalista e ao galeguismo. Formou parte da Asociación Socio Pedagóxica Galega, da Mesa pola Normalización Lingüística, da CIG, do BNG, da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, do Foro Negro que xurdiu para cuestionar a xestión tralo afundimento do Prestige, estivo na directiva da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e participou na antoloxía poética *Intifada. Oferenda dos poetas galegos a Palestina* na segunda edición de 2003, entre outras moitas máis iniciativas ás que se incorporou. Desde un punto de vista máis teórico, verteu de maneira nidia o que pensaba sobre cales consideraba que eran os retos da nosa identidade nos ensaios e en diferentes artigos de opinión, como os que se publicaron en *A Nosa Terra* entre 2002 e 2004 que logo foron recompilados en *O libro das colunas* (A Nosa Terra, 2005). Para alén, ese pensamento materializouse en motivos literarios que conformaron os libros de ficción literaria.

Unha destas preocupacións tiña a ver, precisamente, con como se xestionan os espazos nunha dialéctica centro-periferia que, ademais de amosar a distribución física da poboación nun plano que incorporaba todas as inferencias sociais e económicas, nese período do novo milenio estaba na moda de marcos teóricos como a semiótica ou a teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar. Mais o xenio literario de Luísa Villalta consegue plasmar lucidamente todos estes conceptos na ordenación espacial da Coruña e na reflexión, nun período de grande especulación, sobre as incidencias dos modelos urbanísticos na veciñanza.

Malia a procedencia burguesa, a autora cada vez se sente máis identificada coa Coruña oculta ou ocultada. A dos perdedores. Ela nace nun barrio popular, A Falperra, que forma parte da Cidade Alta, composta polas zonas menos céntricas, máis marxinais, onde residiría a auténtica Coruña fronte ao antiplano, o centro, que concentra a actividade mercantil e burguesa, así como os xardíns. Neste senso, a sorte da cidade coa que se identifica é parella á sorte do río Monelos, ao que dedicará algún poema. Tal e como recolle o documental *Esquece Monelos* de Ángeles Huerta, o río foi soterrado a finais dos anos 60 segundo unha planificación urbanística propia de mediados do século pasado que consistía en ocultar a natureza e, paralelamente, as comunidades humanas máis apegadas a ela, que adoitaban ser as menos ricas. A finalidade era edificar enriba.

Cemento contra a vida. De feito o título de *En concreto* xoga tamén con ese significado. O libro quere berrar desde o nome varios significados, como ocorre sempre en Luísa, á que lle gusta xogar coa polisemia. *En concreto* ten a ver cun cambio de rumbo na súa poética, que se fai máis realista, máis apegada á rúa, máis social, e polo tanto algo menos filosófica fronte á lírica anterior, aínda que segue habendo moito de reflexión. Mais tamén apunta outro significado de “concreto”, un tipo de formigón máis económico. Así anúnciase xa que este será un poemario sobre a cidade que, aínda que nunca se nomea a través do topónimo, sabemos polo resto de referencias, moitas delas da microtoponimia, que estamos ante un debuxo personalísimo da Coruña.

E velaquí un espello que reflicte parte das preocupacións urbanística da autora: o Millenium, construción totémica da era Paco Vázquez que festexaba o cambio de século, fronte ao edificio de protección oficial deseñado polo arquitecto Francisco José Vidal. No libro *En concreto* percíbese unha crítica ás políticas urbanísticas de finais do XX, e nisto tamén foi unha adiantada. De feito, hoxe hai un proxecto para desenterrar o río Monelos, que tamén forma parte do libro, e recuperar máis zonas verdes. Desta maneira, Luísa verte as súas reflexións sobre as decisións que, a través da xestión do espazo, isto é, de como administrar a ocupación do espazo nas nosas cidades, afectan á distribución dos nichos sociais, das celas onde se mete a xente en función da súa economía, mesmo da procedencia, pechando ou atrincheirando camiños para outro futuro. Enfronte do Millenium, o edificio do arquitecto Francisco José Vidal, construído nos anos 90, representaría ben esa apoloxía do cemento. De feito, tivo xa unha recepción polémica no momento en que se edificou, que se mantén aínda hoxe en día. A mole que representa o exceso. E ese desequilibrio visual entre cemento e paisaxe fala doutros desequilibrios. Hoxe temos ao lado os soares das Percebeiras, sobre os que se quere urbanizar e que causa unha forte contestación social. Xusto detrás está o barrio de Labañou. Outro barrio da cidade alta, a cidade que pon na cima os barrios populares, como as favelas das cidades modernas, para que vexan a vida sen costas das persoas que poboan os ensanches. Outro espazo para a dignidade humana malia que se derruben os muros, aqueles que sempre se deben volver levantar. Outro lugar onde dá a volta o vento para que non se esquezan os nomes, porque a través da toponimia certificamos a existencia orgullosa da Coruña popular, como se reflicte no seguinte poema:

NOMES

Os lugares gardan instantes humanos nos seus puños fechados:
son os nomes

Cando eu paso e vou de acó para acolá
e volvo tras ulir os lindeiros urinados da Cidade
os nomes que ninguén non escoitou aínda en toda a súa extensión
ábrenseme en flores dunha perdida primavera
Barrunto que silenciosamente cambiarían o repouso
Da indiferencia fonética que habitan no estómago das casas
por podérense un día levantar, saír andando
até a dignidade humana e o misterio da memoria
abrindo os seus brazos estendidos cara a nós
que esvaramos esquecidos
através da invariábel xeografía derrubada

Os nomes ansían coñecer
deixar de ser cativos do estandarte
—de tanta tristura—
e reviver no muro mil veces derruído dos Castros
que se volve a levantar con cada amañecida
entoar a pregaría ao deus Arminio alá na ponte do Grelle
onde o mar debulla as maldicións benévolas dos suicidas
e rir como rin en Riazor as riolas de gaivotas
que non poden saír da campá estridulante, ceu doméstico
remontando polo val de Labañou até onde o vento ven do alto
e rube o Peruleiro e segue a aba toda dun confín non estreado
un confín irredutíbel como o que cada carta trai ao lombo
do seu sobre fechado.

Os seixos dos nomes van depositándose moi fondo
no esquecemento do río de Monelos
alí onde ninguén teima desafiar a propia morte
para tráerlles aos nenos que corren polos bairros
—nenos nenos aínda— e confesar
o cotidianos que nacemos desde que fomos onte
confesar que de verdade os Mallos mallan
que a Gaiteira aínda ven de Agrela asubiando cara ao mar
e no Montealto, no de Outeiro e mais nas Moas
permanecen os ares insepultos que nos foron dando forma
no molde verbal dos ventos que habitamos.

Os nomes somos nós
e cando acenden os seus rótulos atávicos
as aspas dos muíños derrubados
marmullan o farelo afirmativo do futuro

En concreto, páx. 89-90





Segunda parada: As Escravas, mirando a torre. O mito, o mar, o vento.

Son varias as voces que apuntan unha semellanza entre Rosalía de Castro e Luísa Villalta. As dúas percorren os camiños da metapoética, da reflexión, do cuestionamento do que é ser muller, do feminismo, pero tamén da denuncia social. Mesmo se pode establecer unha analoxía entre toda a produción de Luísa e o poemario *Follas Novas*, no que teñen de viaxe do eu cara ao nós, da subxectividade cara á obxectividade. Luísa comeza cunha obra moi intelectual, ás veces complexa porque precisamos coñecer algunhas referencias. Preocúpase pola diferenza entre ser e saber, pola diferenza entre o que existe e como podemos relacionarnos con eses obxectos. En definitiva, preocúpase por como mediar coa realidade e polo papel que cumpre o suxeito dentro do mundo, porque comprender será unha das máximas da autora. Non deixa nunca este degoiro. Pero cara aos últimos libros, en vez de recrearse nas preguntas sobre a natureza do pensamento e do ser humano, prefíre espírase de artificio e plasmar as reflexións en actos concretos, en como afectan as relacións humanas á existencia máis próxima das persoas. A súa obra faise menos especulativa, menos abstracta, e comprométese máis co colectivo, coa comunidade: faise máis cívica, no senso de *civitas*, de aí que apele á cidade.

Este cambio xa é anunciado no segundo libro, *Ruído*. De novo un título polisémico que deixa albiscar unha autora poliédrica. Despois de *Música reservada* (Edicións do Castro, 1991), *Ruído* (Espiral Maior, 1995) reclama, por unha banda, a importancia do son na música e na poesía, xa que é “un ruído provocado”, pero tamén ten a ver coa relevancia na sociedade actual. Máis alá de concepcións pitagóricas, que tamén resoan, nas teorías da comunicación que circulaban na época xa se falaba do ruído. Na sociedade dos *massmedia*, termo empregado por ese período, xa nos expoñíamos a un exceso de información que agochaba a mensaxe principal, é dicir, que se estaba xa a fomentar o ruído. Tamén nisto Luísa Villalta foi unha autora adiantada que escribiu para o futuro. Que diría hoxe do estrondo explosivo dos *fake*? Mais, alén destas connotacións, neste poemario tamén aparecía o ruído literal da cidade.

En *En concreto* aínda se ispe máis. A reflexión teórica sobre o ruído dá pé á procura das fontes do boureo, neste caso da Coruña, pero podería ser metáfora de todas as

ciudades, porque a autora vai sempre ás orixes que adoitan acoller un gromo de universalidade. Na Coruña unha orixe é a Torre de Hércules. O Faro, o Ollo que todo o vixía. Malia ter o estatismo dos emblemas, representa ben o devir da historia coruñesa. Segundo a lenda, a torre marca a morte do xigante Xerión a mans de Hércules. Unha insignia que se constrúe sobre un perdedor, sobre un asasinado. Outro vencido baixo a pel da cidade; máis cemento, neste caso pedra, para tapar a derrota. Outro río Monelos. E ao lado, ben perto, o Campo da Rata, eido regado co sangue dos *roxos* asasinados na Guerra Civil, outros personaxes de *En Concreto*.

OESTE

(*céfiro*)

*Vente ventiño mareiro
vente noso compañeiro*

VÉN o vento do mar
perpasa a cima do Monte
e vén Vismar as partes feridas da nosa historia incongruente

Parece mentira o vento
o santo Sampetro que se levanta do mar
acaneando sobre a gadoupa cravada nas Illas
e vén vendarnos o Pé encetado pola Rata
Aquelas ratas que nos fusilaron tan sen remedio
Como Bois mansos que éramos todos até aquel mesmo día (...)

En concreto, páx. 29

Malia a denuncia, sempre hai unha esperanza para que se produza a rebelión dos mansos que esperan e soñan, porque os finais dos textos de Luísa sempre deixan portas abertas para que pase o vento.

Mais volvamos á torre e ao corpo asasinado sobre o que se erixe. Unha vez máis, atopámonos con varias capas de lectura. A anécdota da construción vale para reflexionar sobre o país, sobre a identidade e o futuro, preocupación constante nos textos de Luísa, pero tamén para reflexionar sobre o papel da propia autora como individuo, como *civis* (cidadá), nese contexto. A poeta-faro. O individual e o social narrado polo vento:

NORTE

(*bóreas*)

Norte escuro, vento seguro

O Guerreiro venceu e trouxo o Norte
Desde entón o vento acumula na Cidade moreas deste nome
para manter acesa a lumieira do Faro
Vento que vén de vez e pasa marmexando (norte, norte)
nos ouvidos (norte)

e move a luz do Faro en catavento (arredor do norte)
a alumear o instante que se vai sempre sen mirarnos

Eu no meu soñar acudo a ese lugar
e espero unha outra luz cara ao solpor
que me dilate o mar acrecentando a terra do retorno:
o extremo mortal de cada vida
na masa dun país que se cumpre ás miñas costas (...)

En concreto, páx. 19



Tamén na obra narrativa aparecen as imaxes da Coruña. As praias que se ven desde este punto das Escravas son as que aparecen en *Teoría de xogos* (Laivento, 1997), onde a cidade serve de escenario, mais tamén de homenaxe: “Claro que me gostaba, con todo aquel amasillo de cores, como a praia, talmente, a praia de A.C., a xente pegada unha á outra” (p. 74).



Terceira parada: Edificio de Fenosa. A denuncia da explotación laboral no capitalismo serodio.

Sigamos polos eidos da narración. No que atinxe á vertente literaria, alén de poeta, que quizais é a faceta pola que é máis recoñecida, Luísa Villalta foi dramaturga, tradutora, ensaísta, articulista e narradora. Colaborou en moitas obras colectivas achegando contos, pero tamén deu ao prelo tres publicacións individuais: o libro de relatos *Silén- cio, ensaiamos* (1991, Vía Láctea), e as novelas *Teoría de xogos* (1997, Laiovento) e *As chaves do tempo* (2001, A Nosa Terra). Neste senso, é unha contadora moi interesante que se pode incluír dentro da corrente posmoderna.

A máis coruñesa das tres é *Teoría de xogos*. Nela, a protagonista e narradora, unha muller nova, a comezos dos 80 ten que trasladarse por motivos laborais da aldea á cidade, nomeada como “A. C” ou “A cidade”, nunca como A Coruña, malia que as referencias espaciais son inequivocamente herculinas. Aínda que non se di explicitamente, polas descrições nas que se indica que entra a traballar nunha grande empresa do sector eléctrico, enténdese que se está a referir a Fenosa que, no ano 83, se fusiona con Unión Eléctrica Madrileña para pasar a chamarse Unión Fenosa. De feito, esta fusión e todos os cambios que supón para o cadro de persoal, está detrás da trama.

E aquí volven as confluencias entre historia, urbanismo e literatura. O litixio polo Edificio de Fenosa comeza en 1997, ano no que se publica o libro. Fenosa era un edificio “fóra da ordenación”, é dicir, sobre o que non se podían outorgar licenzas. Mais o concello concede en 1997 unha licenza de reforma integral que permite o cambio de uso a vivendas, cando o inmovible só podía acoller oficinas. O que vén despois é ben coñecido. Fenosa véndelle o edificio a FADESA, FADESA a MARTINSA e esta última vende as vivendas. Aínda unha outra paréntese. Tamén é ben coñecido que Fenosa foi fundada por Pedro Barrié de la Maza, nomeado conde por Franco, despois de facerse coa Electra Popular Coruñesa fundada polo deputado republicano José Miñones, ao que os sublevados asasinaron e expropiaron para formar, xunto con outras pequenas empresas do ramo, a Sociedad General Gallega de Electricidad que tiña como dono o propio Banco Pastor, dirixido por Pedro Barrié de la Maza. De novo, a Coruña da corrupción e a trampa fronte á Coruña desprazada, enterrada baixo varias peles.

Aínda que a particularidade do edificio e a empresa non aparecen nun primeiro plano na novela, dificilmente Luísa Villalta sería allea á polémica, xa que, como se insistirá noutra das paradas deste roteiro, estaba moi pendente das políticas urbanísticas da cidade e da sorte que estaban a correr algunhas construcións emblemáticas. Por outra banda, tampouco parece casual que un dos personaxes, traballador tamén da empresa, defenda abertamente a causa republicana coa que empatiza claramente a narradora: “Comprendín a dor de Sendín, tal como el deixaba ver, a da súa familia e amigos represaliados, que viviran durante anos coa orella pegada á radio procurando emisoras estranxeiras” (*Teoría de xogos*, 1997, p. 59-60).

Con todo, o eixo principal que vertebra a narración é o seguinte. Nese momento está na moda a teoría de xogos que enunciou por primeira vez Johann Von Neumann, para ser despois perfeccionada por outros investigadores como Forbes Nash, matemático no que se inspira o protagonista da película *Unha mente marabillosa*. A teoría de xogos aplicouse a diferentes áreas como a economía, as ciencias políticas, a filosofía, a psico-

loxía ou a socioloxía, entre outras, como método axeitado para analizar a conduta humana cando se ten que enfrontar á toma de decisións, tras prever o que van resolver os demais. Na novela, a protagonista comparte amizade con catro compañeiros e compañeiras de traballo. E precisamente o devir desas relacións, algunhas mesmo amorosas e máis ou menos secretas, ou mellor, a análise da evolución dos vínculos entre o grupo, constitúen o núcleo argumental. Prodúcese unha serie de traizóns no persoal e no profesional que empurran a algúns membros a marchar da empresa ou a recibir a punición do traslado debido ao labor sindical, mentres que outros ascenden. O exame particular eríxese en metáfora de todas as relacións humanas, dos fíos que a necesidade ou o azar escolle para unir as persoas. A narradora, a máis nova e inexperta do grupo, emprega a referencia ao xogo ao longo de toda a novela, tanto para referirse ás estratexias que usa a empresa co cadro de persoal, “Desde Arriba movíannos como pezas nun tabueiro” (p. 29), como aos vencellos entre iguais: “comprendín que no xogo ao que ninguén daba nome, nen se sabía con certeza en que consistía, somente importaban as trampas. A única finalidade era o exercicio da traición.” (p. 70).

Como acontece con moitos dos seus poemarios, tamén aquí a trama da novela, mesmo nos aspectos que teñen a ver coa análise económica do tardo capitalismo vencellada coas condicións laborais e o poder das enerxéticas na cidade, está moi ligada ao espazo coruñés, como se percibe seguinte pasaxe:

Esta cidade vive dentro dun envoltorio de mar, como un celofán, ocórreseme que vendéndose e comprándose a si mesma, un produto máis do seu propio mercado. Igual que todo o demais boia, fluctúa. A medida que nos íamos separando dela, o propio mar ía engolindo os restos e deixándonos unha paisaxe desvinculada da urbe, unha excrecencia delgada acompañada pola continuidade do mar. Pasamos a Ponte tendida sobre a Ría e, por fin, retomamos a vista da Cidade, sempre no o outro lado, perseguíndonos onde queira que fósemos (*Teoría de xogos*, 1997, p. 24)



Cuarta parada: Obelisco. Gañar terreo para gañar altura.

A cidade é un microcosmos, metáfora de todos os espazos sociais que reflicten como se distribúen as localizacións nun ordenamento vertical. É tamén unha metáfora do país, de como se proxecta Galiza e, ao final, de como vive o eu lírico nese ecosistema. Porque se vai do *eu* ao *nós* e do *nós* ao *eu* en moitas ocasións ao longo do libro.

Nese percorrido avístanse dúas cidades, a do vento, a das escaleiras que conectan arribas e abaixos nas rúas, a das esquinas, a dos ríos soterrados, a das lámpadas fundidas, a do asfalto, a dos edificios, a dos vertedoiros, a das formigoneiras, a das trades, a das pechaduras, a da noite, a do alcohol e dos bares, a dos coches, a do ruído, tamén a das persoas tolas, magníficas, da cidade. Son o substrato da vila antiga que fala coa lingua da modista e da leiteira. A cidade coa que empatiza Luísa Villalta e a cidade que empatiza con quen a poboa, aínda que aquí, para a autora, o pathos acaba escribindo a ética do lugar. Pero tamén hai unha cidade de brasón, de feito “brasón” é o título do primeiro apartado do libro, que é a que rexistra os emblemas e, moitas veces, a hipocrisía:

A colosal condesa Marineda
axexante entre a vexetación teatral
anotaba con lápis de pedra
os meus experimentos de raiva
na taboleta hipócrita da súa clase social

En concreto, páx. 45

É a cidade do público burgués que medra sobre o corpo de Xerión e de todas as persoas vencidas, a cidade que non é alta, a do centro, a que lle gañou terreo á natureza. Hai unha dialéctica entre as dúas cidades en todo o poemario porque os espazos, como a autora, como o mundo, son múltiples:

E falo tamén dos xardíns que organizan estratexias
para que a nena que aínda teño de chegar a ser
desconfie dos lugares abertos
que non teñen saída

En concreto, páx. 46

Perto do antiplano dos xardíns, no apartado “Edificios”, detense nalgúns puntos da Peixaría que considera importantes pola súa historia. E non todos son tratados igual. Algúns deles son o palacio municipal, que representa o poder político e non queda ben parado, a Torre das ánimas (torre de control), o Obelisco, os xardíns ou o edificio do Asilo, en Adelaida Muro, derrubado en 2001 para facer un edificio de luxo, o que xerou un movemento de protesta social sen precedentes. De novo aparece a conciencia comunitaria da autora, o coñecemento e a postura crítica fronte á política urbanística que se estaba a realizar desde o concello. Decídese derrubar o edificio histórico que se levantara a finais do XIX coa finalidade de acoller persoas con dificultades na vellez. Erixírase sobre os terreos doados por particulares e seguiu un deseño especialmente pensado para garantir as condicións de hixiene e coidados propicios, na liña dos modelos arquitectónicos europeos máis vangardistas. Cando se decidiu cambiar o plan xeral de urbanismo do concello para facilitar o derrubamento, máis de oitenta entidades sociais e culturais opuxéronse ferreamente, aínda que non conseguiron frear a demolición e hoxe temos alí un edificio que quere ser luxoso. O poema “Asilo” recolle unha crítica ante a derriba:

(...) o Asilo sen asilo
está a ponto xa de fechar a boca para sempre
a todas as preguntas interiores

e venderá os seus ollos á cegueira da cidade culpábel
á Xustiza desvendada que nos condena a sofrer xa para sempre
o triste destino do sol máis xeneroso

En concreto, páx. 58

E se hai un edificio que representa ben o centro e ese afán de verticalidade, ese é o Obelisco, inaugurado en 1895 e dedicado ao político Aureliano Linares Rivas que, ademais de ministro de Graza e Xustiza, foi ministro de Fomento, alén de membro dunha das familias máis representativas da Coruña burguesa. Desde o ministerio favoreceu algunhas obras clave na cidade que lle fixeron gañar a consideración do concello. O poema que leva o nome de Obelisco é un dos poucos casos do libro onde os versos adoptan a forma dun caligrama, aínda que a autora non era allea a este formato. Sempre atenta a calquera manifestación artística, tamén ao debuxo, en *Rota ao interior do ollo* recolle varios caligramas ben interesantes:

OBELISCO

A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da cidade compacta
Os edificios medran cada día
Faltan por agromar aínda
os máis altos de todos
Por cima
sen medida visíbel
as antenas atentas
prolongan o vacío
até algúns centros
afastados dispersos
polas rúas de algúns
outros continentes
Por aquí pasan decote
os viandantes pontuais
mostrando a orgullosa hora
de cadanseu obelisco interior

En concreto, páx. 54



Quinta parada: Porta Real. Soleira entre poderes.

Vemos como *En concreto* representa moi ben o talante de Luísa. Compromiso político e ideolóxico, como amosou como activista e nos artigos de opinión recollidos de maneira póstuma en *O libro das colunas* (A Nosa Terra), agora reeditado por Galaxia. Cando se tivo que opoñer ás prácticas urbanísticas, e non só, do goberno de Paco Vázquez, fíxoo con lucidez e sen fisuras. Tamén nos seus poemas. Para iso usou a súa cultura, botando man das lecturas sobre filosofía e socioloxía, seguramente sobre deseño urbanístico e arquitectura pensada desde o servizo á comunidade, sendo pioneira na resistencia á expulsión da cidadanía do centro coa finalidade de deixar paso á especulación. Que diría hoxe dos pisos turísticos. Canta falta nos faría Luísa. Usaba cultura e pensamento para argumentar na vida pública pero tamén para crear. E é difícil partir dun traballo tan intelectual, pasalo polo corpo aberto do eu lírico para impregnalo da sapiencia da subxectividade, dotalo de beleza e crear algo novo, outro obxecto, neste caso artístico, que move sentimento e pensamento outra vez, para pechar así o círculo. Pero ela facíao.

Porta Real é outro dos lugares tótem da cidade que conecta natureza (o mar), comunidade (a cidade vella), épica (a estatua de María Pita) e poder (a casa do Concello). Todos eles conceptos que forman o corpo sólido de *En concreto*. Cimento e cemento que compactan a realidade da Coruña. E non podía deixar de dedicar un poema ao cerne da toma de decisións, o consistorio, tamén desde unha ollada analítica, tal e como se percibe neste fragmento do poema “Palacio municipal”, onde volve colocarse do lado da poboación que levanta a cidade sen capacidade de decretar parte da súa existencia:

(...) Os nenos saben que no interior do Concello
as escadas son excesivamente altas para a cidade da xente
que as paredes cheiran igual que billetes mexados
e que só algúns zapatos adultos son quen de facerse ouvir
desde o eco dos corredores até a última rúa que termina por coller o tren
Cando o reloxo dé as últimas doce e levante o pleno do día
os acordos vitais ficarán como sempre
pendentes de tramitación

En concreto, páx. 48

A saber onde chegaría Luísa Villalta. No último poemario, *Papagaio*, introdúcese aínda máis nas tripas das cidade. Selecciona o barrio onde se instalaba oficialmente a prostitución e dialoga coas fotografías, espléndidas, que realiza Maribel Longueira. As prostitutas, outro corpo soterrado de Xerión, as máis marxinaadas, as máis clausuradas de entre todos os illamentos, o burato negro da cidade onde se aglutina todo, como o ollo da pechadura que fotografa Maribel, desde a que se ve o paraíso e o inferno. *Papagaio* é un libro brutal, en todos os sentidos. O eu e o nós fúndense como nunca antes na obra de Luísa Villalta para identificarse definitivamente coas persoas tolas, velliñas e as putas, ao lado das leiteiras e as modistas. Velaí a patria de Luísa. Mais antes de fundirse co barrio do Papagaio, Luísa xa anuncia a transmutación na cidade no último poema de *En concreto*, o “Poema da cidade alta”, que constitúe por si mesmo un apartado do libro. Aí cédelle a voz á Coruña que conta a súa historia repartida por toda a xeografía, topográfica e humana, da península:

POEMA DA CIDADE ALTA

O meu nome é o da Cidade Alta
nado onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos.

En concreto, páx. 93

Unha cidade que volve abriarse desde esta Porta Real, onde vive toda a xente que garda as chaves do territorio, como no título da novela breve *As chaves do tempo* (A Nosa Terra, 2001); sustento malia todo da esperanza dun porvir para o país, da urbs á polis, cando o degoiro de estarmos e sermos, para Luísa, vai nos pés de todos os ventos:

(...) E ao saír deixo comigo a porta aberta
escadas arriba Porte de Ares escadas abaixo Porta Real
e levo a chave enferruxada do salgado das ondas
onde fluctua no horizonte o meu país reflectido
a prostituta sagrada
que desabrocha o corsé das gargalladas de outro

(...) Coñecín ventos suaves que nunca máis se daban detido
outra vez, sempre o vento dos ventos
rodeando este ponto do mundo:
Cabeza, Garda, Chave, Forza e Antemural do reino renacido

En concreto, páx. 94-95

